

### Capítulo III

#### Das comisións de traballo

##### Artigo 18º.-Atribucións e composición.

1. As comisións de traballo constituiranse para estudar temas concretos e disolveranse cando estes finalicen.

2. Estas comisións estarán integradas polos membros do consello e os técnicos e profesionais do turismo, non membros do consello, que o presidente designe por proposta do vicepresidente.

## II. AUTORIDADES E PERSOAL

### b) NOMEAMENTOS:

#### CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

*Orde do 4 de xullo de 2003 pola que nomean vocais compoñentes do Consello Galego de Medio Ambiente.*

O Decreto 155/1995, do 3 de xuño, establece a regulación do Consello Galego de Medio Ambiente, determinando que serán nomeados como vocais os representantes das organizacións, institucións e departamentos autonómicos relacionados no seu artigo terceiro, todos eles con especial vinculación coa protección do medio.

Por outra banda o Regulamento de organización e funcionamento do Consello Galego de Medio Ambiente aprobado en pleno o 12 de abril de 1996, establece a posibilidade de cesa-los seus membros por proposta das organizacións, institucións ou autoridades que promoveron o seu nomeamento, debendo presenta-la oportuna proposta de novo nomeamento ó presidente do consello, polo que, solicitado polo órgano autonómico sectorial competente en materia de saúde pública ambiental o cesamento do vocal suplente, procede acordar e nomea-lo novo representante proposto.

Por todo isto, en uso da atribución outorgada polo artigo 4 do Decreto 155/1995, do 3 de xuño, polo que se regula o Consello Galego de Medio Ambiente, e tendo en conta que o citado órgano consultivo foi adscrito á Consellería de Medio Ambiente en virtude do Decreto 14/2002, do 24 de xaneiro, modificado polo Decreto 23/2003, do 20 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica dos departamentos da Xunta de Galicia,

#### DISPOÑO:

##### Artigo 1º

Que cese como vocal do Consello Galego de Medio Ambiente en representación do órgano autonómico

sectorial en materia de saúde pública ambiental, agradecéndolle os servizos prestados, M<sup>a</sup> Carmen Sánchez Barral.

##### Artigo 2º

Designar como vocal suplente do Consello Galego de Medio Ambiente en representación do órgano autonómico sectorial en materia de ambiente, por proposta del e en substitución do que causa baixa pola presente orde, a persoa que a continuación se relaciona:

-María Couceiro Méndez.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2003.

José Manuel Barreiro Fernández  
Conselleiro de Medio Ambiente

## III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

### CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Orde do 4 de xullo de 2003 pola que se resolve a convocatoria da Orde do 27 de febreiro de 2003 (Diario Oficial de Galicia do 14 de marzo), de axudas de apoio á formación e actualización do profesorado universitario.*

A Orde do 27 de febreiro de 2003 (DOG do 14 de marzo) pola que se convocan axudas de apoio á formación e actualización do profesorado universitario prevé, respectivamente, nos seus anexos I, II e III, a concesión de axudas para actualización do profesorado respecto da materia que imparten, axudas para a formación de profesores en novas titulacións ou materias e axudas para o financiamento de estadías de profesores de fóra do Sistema Universitario de Galicia.

Na súa virtude, de acordo co establecido nas bases da convocatoria, e atendendo ó informe-proposta elevado pola comisión avaliadora a través da Dirección Xeral de Universidades, esta consellería

#### RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles unha bolsa para actualización do profesorado respecto da materia que imparten para realizar unha estadía no centro que se sinala, polo tempo que se especifica e na contía que se indica, ás persoas que se relacionan a continuación:

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	UNIV.	CENTRO DA ESTADÍA	DURACIÓN ESTADÍA	CONTÍA	AXUD. INSTITUCIONAL	CONTÍA CONCEDIDA (en euros)
2003/000005-0	ÁLVAREZ GONZÁLEZ, SANTIAGO	USC	INSTITUT SUISSE DE DROIT COMPARE-SUIZA	1 MES	760	427	1.187
2003/000008-0	CARRILLO DE LA PEÑA, M <sup>a</sup> TERESA	USC	UNIV.POMPEU FABRA-BARCELONA	1 MES	760	177	937

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	UNIV.	CENTRO DA ESTADÍA	DURACIÓN ESTADÍA	CONTÍA	AXUD. INSTITUCIONAL	CONTÍA CONCEDIDA (en euros)
2003/000010-0	CHOUZA GESTOSO, JESÚS DIEGO	UDC	ESCOLA TÉCNICA SUP.ENXEÑERÍA-VALENCIA	1 MES	760	177	937
2003/000009-0	FRUTOS MARTÍNEZ, Mª CONSUELO	USC	UNIV. CA'FOSCARI DE VENEZIA-ITALIA	1 MES	760	427	1.187
2003/000007-0	GAGO DUPORT, LUIS	UDV	INSTITUTO MAX-PLANCK-BREMEN ALEMANIA	2 MESES	1520	427	1.947
2003/000006-0	GARCÍA RUBIO, Mª PAZ	USC	INSTITUT SUISSE DE DROIT COMPARE-SUÍZA	1 MES	760	427	1.187
2003/000001-0	GOICOA VALDEVIRA, ANA	USC	FAC.VETERINARIA DE BELLATERRA-BARCELONA	1 MES	760	177	937
2003/000004-0	MELISS, MEIKE	USC	HERDER INSTITUT-UNIVERSIDADE DE LEIPZIG-ALEMANIA	1 MES	760	427	1.187
2003/000003-0	PALACIOS MARTÍNEZ, IGNACIO MIGUEL	USC	UNIVERSITY OF MINNESOTA-MINNEAPOLIS-EE.UU.	1 MES	760	427	1.187
2003/000013-0	REQUEJO ISIDRO, MARTA	USC	INSTITUTO SUÍZO DE DEREITO COMPARADO-SUÍZA	1 MES	760	427	1.187
2003/000011-0	VÁZQUEZ VAAMONDE, Mª DEL CARMEN	USC	UNIVERSITY OF WALES-REINO UNIDO	1 MES	760	427	1.187
TOTAL							13.067 euros

Segundo.-Concederlles unha axuda para a formación de profesores en novas titulacións ou materias para realizar unha estadía no centro que se sinala,

polo tempo que se especifica e na contía que se indica, ás persoas que se relaciona a continuación:

Nº EXPEDIENTE	SOLICITANTE	UNIV.	CENTRO DA ESTADÍA	DURACIÓN ESTADÍA	CONTÍA	AXUD. INSTITUCIONAL	CONTÍA CONCEDIDA (en euros)
2003/000001-0	MÁRQUEZ CRUZ, GUILLERMO	USC	INSTITUTO NACIONAL DE ADMINISTRACIÓN PÚBLICA-MADRID	3 MESES	2280	177	2457
2003/000002-0	FANDIÑO ALONSO, JAIME FRANCISCO	UDV	UNIV. AUTÓNOMA DE BARCELONA	1 MES	760	177	937
2003/000003-0	TRIGO GARCÍA, Mª BELÉN	USC	UNIV. GIRONA-ESPAÑA	1 MES E 15 DÍAS	1140	177	1317
TOTAL							4.711 euros

Terceiro.-Non conceder bolsas a aqueles solicitantes que se beneficiaron destas axudas en dúas ocasións ou máis con anterioridade:

SOLICITANTE	UNIVERSIDADE/CENTRO
MONTES LÓPEZ, MARÍA	SANTIAGO DE COMPOSTELA -FACULDADE DE FILOLOXÍA

Cuarto.-Solicitantes excluídos coas causas de exclusión.

SOLICITANTE	UNIVERSIDADE	MOTIVO DE EXCLUSIÓN
ARIAS SÁNCHEZ, PEDRO	UNIVERSIDADE DE VIGO	NON COMPLETA-LA SOLICITUDE COA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA DENTRO DO PRAZO LEGALMENTE ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA
BENEDITO CASTELLOTE, JOSÉ LUIS	UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA	NON COMPLETA-LA SOLICITUDE COA DOCUMENTACIÓN REQUIRIDA DENTRO DO PRAZO LEGALMENTE ESTABLECIDO NA CONVOCATORIA

Quinto.-Concederlles ás universidades unha axuda para o financiamento de estadias, pola contía que se indica en cada caso, dos profesores de fóra do Sistema Universitario de Galicia, que se relacionan a continuación:

#### Universidade da Coruña

APELIDOS E NOME	DURACIÓN ESTADÍA	CONTÍA CONCEDIDA (en euros)
BOUZA HERRERA, CARLOS N.	2 MESES	4.440
SAIZ JABARDO, JOSÉ Mª	3 MESES	6.660
CIANCARDO, JUAN	2 MESES	4.440
KUBISTA, MIKAEL	3 MESES	6.660
INGARAMO, OCTAVIO E.	2 MESES	4.440
BEN-HUR, MENAHEM	2 MESES	4.440
DOUGLAS BURROWS, HUGH	1 MES	2.220
KUMAR RAY, JAYANTA	1 MES	2.220
ALVES, MARLENE CRISTINA	2 MESES	4.440
VIVAS MIRANDA, JOSE GARCÍA	2 MESES	4.440
TOTAL	20 MESES	44.400 euros

#### Universidade de Vigo

APELIDOS E NOME	DURACIÓN ESTADÍA	CONTÍA CONCEDIDA (en euros)
TARIELADZE, VAJA	2 MESES E 21 DÍAS	5.994
VALDÉS DE BLENGIO, NELLY	1 MES	2.220
GYÖRI, ISTVÁN	1 MES	2.220
TOTAL	4 MESES E 21 DÍAS	10.434 euros

#### Universidade de Santiago de Compostela

APELIDOS E NOME	DURACIÓN ESTADÍA	CONTÍA CONCEDIDA (en euros)
CORTIÑAS, GUILLERMO HORACIO	1 MES	2.220
GUARINI, CARMEN	2 MESES	4.440
CHAFE, WALLACE	1 MES	2.220
MOLINUEVO DE BUJO, JOSÉ LUIS	1 MES	2.220
GUTIÉRREZ AMADOR, Mª DEL PILAR	2 MESES	4.440
QUIÑONES CISNEROS, SERGIO	1 MES	2.220
SIMÓN, YVAN	1 MES	2.220
POLO ANDRÉS, JOSÉ CLEMENTE	1 MES	2.220
CASTAÑO SALAS, HÉCTOR V.	1 MES	2.220
COTO MARTÍNEZ, JAVIER	1 MES	2.220
MORENO-BRID, JUAN CARLOS	1 MES	2.220
ABAD HIRALDO, CARLOS	1 MES	2.220
DYNAROWICZ-LATKA, PATRICIA	1 MES	2.220
JIMÉNEZ BARBERO, JESÚS	1 MES	2.220
PALLOTTINI, RENATA	2 MESES	4.440
QUESADA PÉREZ, MONTSERRAT	1 MES e 15 DÍAS	3.330
GRACIA-FADRIQUE, JESÚS	1 MES	2.220
GALANTINI, LUCIANO	1 MES	2.220
VILARRASA LLORENS, JAUME	1 MES	2.220
TOTAL	22 MESES E 15 DÍAS	49.950 euros

Sexto.-O pagamento das bolsas farase de acordo co establecido nas bases da convocatoria, é dicir, un primeiro pagamento do 80% no momento da concesión e un segundo pagamento do 20% restante no momento da completa xustificación por parte do beneficiario do cumprimento da finalidade e condicións da axuda.

Nos 10 días seguintes ó remate do período da esta-  
día, deberán xustifica-la axuda coa presentación da  
documentación que se sinala na orde de convo-  
catoria.

Sétimo.-O incumprimento por parte dos benefi-  
ciarios de calquera das bases establecidas na orde  
da convocatoria do 27 de febreiro de 2003 suporá  
a perda do dereito a percibi-la subvención corres-  
pondente.

Oitavo.-Contra esta resolución, que esgota a vía  
administrativa, os interesados poderán interpoñer  
recurso potestativo de reposición ante o conselleiro  
de Educación e Ordenación Universitaria no prazo  
dun mes contado a partir do día seguinte ó da publi-  
cación da resolución no DOG, segundo o disposto  
nos artigos 116 e 117 da Lei 4/1999 (BOE nº 12,  
do 14 de xaneiro) de modificación da Lei 30/1992,  
de réxime xurídico das administracións públicas e  
do procedemento administrativo común, ou ben  
directamente recurso contencioso-administrativo no  
prazo de dous meses perante o Tribunal Superior  
de Xustiza de Galicia.

#### Disposición derradeira

A presente resolución entrará en vigor o día seguin-  
te ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de xullo de 2003.

Celso Currás Fernández  
Conselleiro de Educación e Ordenación  
Universitaria

*Orde do 4 de xullo de 2003 pola que  
se resolve a do 27 de febreiro de 2003  
(Diario Oficial de Galicia do 14 de mar-  
zo) de convocatoria de axudas ás uni-  
versidades galegas para a organización  
de congresos, simposios e xornadas que  
favorezan a proxección universitaria, tan-  
to no ámbito local como no nacional e  
internacional.*

Por Orde do 27 de febreiro de 2003 (DOG do  
14 de marzo) convocáronse axudas para as univer-  
sidades galegas para a organización de congresos,  
simposios e xornadas que favorezan a proxección  
universitaria, tanto no ámbito local como no nacional  
e internacional.

Na súa virtude, de acordo co establecido no arti-  
go 7.3º da orde de convocatoria, e atendendo ó infor-  
me-proposta elevado pola comisión avaliadora a trav-  
és da Dirección Xeral de Universidades, esta  
consellería

#### RESOLVE:

Primeiro.-Concederlles axudas ás universidades  
galegas que a seguir se relacionan para a realización  
dos eventos solicitados e na contía que se indica  
en cada caso.

#### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

NÚM. EXP.	SOLICITANTE	TÍTULO DA ACTIVIDADE	LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN	ÁMBITO	CANTIDADE CONCEDIDA (EN EUROS)
2003/00003-0	DIAZ BRUGUERA, JAVIER	16TH IEEE SYMPOSIUM ON COMPUTER ARITHMETIC (ARITH16)	SANTIAGO DE COMPOSTELA 15-18 XUÑO 2003	I	2.300,00
2003/00004-0	VIAÑO REY, JUAN MANUEL	PRIMEIRO ENCONTRO DE SOCIEDADES LATINOAMERICANAS DE MATEMATICAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA 22-25 SETEMBRO 2003	I	2.000,00
2003/00005-0	PEDREIRA PEREZ, MANUEL	CONFERENCIA MODERN METHODS AND CLASSICAL PROBLEMS IN ALGEBRAIC GEOMETRY	SANTIAGO DE COMPOSTELA 28-OUTUBRO/2 NOVEMBRO 2003	I	1.800,00
2003/00006-0	GARCIA RUBIO, Mª PAZ	1º CONGRESO SOBRE TENDENCIAS LEXISLATIVAS E TERCEIRO SECTOR: OS MODELOS ESPAÑOL E ITALIANO	SANTIAGO DE COMPOSTELA 2-3 OUTUBRO 2003	I	1.100,00
2003/00007-0	FEIJOO COSTA, GUMERSINDO	2ª REUNION DA REDE TEMATICA DE ANALISE DE CICLO DE VIDA	SANTIAGO DE COMPOSTELA 23-25 MAIO 2003	N	800,00
2003/00008-0	RODRIGUEZ COLMENERO, ANTONIO	SIMPOSIO SOBRE AS ORIXES DO CRISTIANISMO GALAICO A TRAVES DOS VESTIXIOS ARQUEOLOXICOS E EPIGRAFICOS	OURENSE-BANDE 8-10 SETEMBRO 2003	I	1.400,00
2003/000024-0	GONZALEZ MANTEIGA, WENCESLAO	ISI INTERNATIONAL CONFERENCE ON ENVIRONMENTAL STATISTICS AND HEALTH	SANTIAGO DE COMPOSTELA 16-18 XULLO 2003	I	2.500,00
2003/000025-0	GARRIDO VAZQUEZ, M. JOAQUIN	XIIª REUNION CIENTIFICA ANUAL DA SOCIEDADE ESPAÑOLA DE MUTAXENESE AMBIENTAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA 2-4 XULLO 2003	N	1.100,00
2003/000026-0	RODRIGUEZ PRIETO, Mª FLOR	I XORNADAS IBERICAS DE FOTOQUIMICA E I CURSO IBERICO DE FOTOQUIMICA	SANTIAGO DE COMPOSTELA 15-20 SETEMBRO 2003	I	2.000,00
TOTAL					15.000

#### UNIVERSIDADE DA CORUÑA

NÚM. EXP.	SOLICITANTE	TÍTULO DA ACTIVIDADE	LUGAR E DATA DE CELEBRACIÓN	ÁMBITO	CANTIDADE CONCEDIDA (EN EUROS)
2003/000012-0	ALONSO TRONCOSO, VICTOR	1º CONGRESO-A FIGURA DO PRINCIPE HERDEIRO NA ÉPOCA HELENISTICA	A CORUÑA-FERROL 11-13 SETEMBRO 2003	I	1.400,00
2003/000010-0	ARTIAGA DIAZ, RAMON	2º SEMINARIO DE ANALISE TERMICA E REOLOXIA	A CORUÑA E SANTIAGO DE COMPOSTELA 30 XUÑO/4 XULLO 2003	I	1.300,00
2003/000016-0	CAO ABAD, RICARDO	IX CONFERENCIA ESPAÑOLA DE BIOMETRIA	A CORUÑA 28-30 MAIO 2003	N	1.300,00
2003/000001-0	CERDAN VILLANUEVA, Mª ESPERANZA	XXVI CONGRESO SEBBM	A CORUÑA 15-18 SETEMBRO 2003	N	2.500,00